

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 25 DE XUÑO DE 2018.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **VINTECINCO DE XUÑO DE DOUS MIL DEZAOITO**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**  
Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **RECLAMACION DE PAGO DO SERVIZO DE “CANGURAXE” ENTRE SETEMBRO 2015 E AGOSTO 2017. MAIS ESCOLA XXI S.L. 13.800 €.**
- 3º.- **EXPTE. 1412/2018. CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION E OS CONCELLOS PARA IMPLANTACION, USO E SOPORTE PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES.**
- 4º.- **URBANISMO.**
- 5º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**

1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;  
- 06 de Xuño de 2018

2º.- **RECLAMACION DE PAGO DO SERVIZO DE “CANGURAXE” ENTRE SETEMBRO 2015 E AGOSTO 2017. MAIS ESCOLA XXI S.L. 13.800 €.**

**VISTA a reclamación presentada por AVELINO PALMOU LOPEZ**, rexistro Nº 2288 de 23 de Maio, en nome e representación de MAIS ESCOLA XXI,SL, adxudicataria do servizo do “PROGRAMA LUIDICO-RECREATIVO”, no que sostén que desde Setembro de 2017 se fai cargo da recollida dos nenos nos seus centros de ensinanza ata o CEIP –*canguraxe*-, coa emisión da correspondente factura que lle abona o Concello, do que deduce que se lle debe aboar tamén o período entre Setembro do 2015 (Data adxudicación Programa Lúdico-Recreativo) e Agosto do 2017, por importe de 13.800 €, en que tamén desenvolveu ese servizo.

**CONSIDERANDO** que, efectivamente, é adxudicatario dos dous servizos, o Lúdico Recreativo desde Setembro 2015 e do de “*Canguraxe*” desde Setembro do 2017, a reclamación deste último con efectos retroactivos ata o 2015 resulta claramente improcedente, xa que non existiu contrato algún entre as partes por ese período. Antes, o contrario, o Concello decidiu adxudicar o servizo de “*Canguraxe*” en Setembro do 2017, data na que comeza a súa obriga legal de pago, non antes, no prazo que pretende o reclamante. En síntese, entre Setembro do 2015 (Data adxudicación Programa

Lúdico-Recreativo) e Agosto do 2017 non existiu adxudicación/contratación dese servizo, nen sequera –feito probado e ilustrativo- reclamación algunha de MAIS ESCOLA XXI durante eses dous anos.

Por unanimidade, se acorda:

**-DESESTIMAR** a reclamación presentada por AVELINO PALMOU LOPEZ, rexistro Nº 2288 de 23 de Maio, en nome e representación de MAIS ESCOLA XXI,SL, adxudicataria do servizo do “PROGRAMA LUDICO-RECREATIVO”, en base a que entre Setembro do 2015 (Data adxudicación Programa Lúdico-Recreativo) e Agosto do 2017 (Adxudicación “Canguraxe”) non existiu adxudicación/contratación dese servizo, e, nen sequera –feito probado e ilustrativo-, reclamación algunha de MAIS ESCOLA XXI.

### **3º.- EXPTE. 1412/2018. CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION E OS CONCELLOS PARA IMPLANTACION, USO E SOPORTE PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES.**

Visto o escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada 2566, de data 12 de xuño de 2018, mediante o cal remítese convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a prestación do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, visto o texto do convenio anteriormente mencionado, acorda solicitar a Deputación de Pontevedra a adhesión deste Concello o mesmo.

### **4º.- URBANISMO.**

#### **4.1.- Expte. 809/2018. Solicitud de prórroga de licenza. Rehabilitación de Vivenda Unifamiliar. Fondevila Sanmartín David.**

Visto o escrito presentado por DAVID FONDEVILA SANMARTÍN, Rexistro de Entrada nº 1210, de data 20 de marzo de 2018, no que solicita prórroga de licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar, no lugar de Vilavella, n.º 4, parroquia de O Castro (Silleda).

Visto o informe emitido o 12 de xuño de 2018 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante	David Fondevila Sanmartín		
Data de rexistro	20.MAR.2018	Nº 2018-E-RC-1210	Expediente 809/2018
Solicitud	Rehabilitación de vivenda unifamiliar		
Emprazamento	Vilavella, nº 4, O Castro		
Referencia catastral	36052G502001280000RW		
Autor do Proxecto	HERNANDO EZQUERRA S.L.P.		

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.

2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 12 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
- 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emítese informe técnico sobre o expediente 809/2018, de solicitude de prórroga de licenza asinada por David Fondevila Sanmartín, presentada con R.E. 2018-E-RC-1210 de 20.MAR.2018.
2. Segundo o artigo 145.2 Caducidade das licenzas da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo d Galicia:
  2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
  3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

#### INFORME TÉCNICO:

3. A licenza é conforme coa ordenación urbanística vixente, sen entrar a valorar a tramitación que se levou a cabo no momento da súa concesión.

*Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión de prórroga da licenza de Rehabilitación de vivenda unifamiliar solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión da prórroga solicitada, coa condición expresa de que a edificación sexa rematada exteriormente.*

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA conceder a prórroga solicitada por DAVID FONDEVILA SANMARTÍN

para a execución da obra "rehabilitación de vivenda unifamiliar, no lugar de Vilavella, n.º 4, parroquia de O Castro (Silleda), coa condición expresa de que a edificación sexa rematada exteriormente.

#### **4.2.- Expte. 1649/2017. Construcción de Garaxe e almacén. Fernando Antonio Costoya Moure.**

Vista a solicitude de licenza, presentada por FERNANDO ANTONIO COSTOYA MOURE, Rexistro de Entrada nº 5505 de data 20 de decembro de 2017, para construción de garaxe e almacén, no lugar de O Foxe, n.º 15 (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do Enxeñeiro Agrónomo David Cerdeira Canicoba.

Visto o informe emitido o 13 de xuño de 2018 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	Fernando Antonio Costoya Moure		
Data de rexistro	20.DEC.2017	Nº 2017-E-RC-5505	Expediente 1649/2017
Solicitud	Construción de garaxe e almacén		
Emprazamento	O Foxo nº15, Silleda, Pontevedra		
Referencia catastral	36052K50305179 Coordenadas UTM 29 ETRS89:		
Parcela rexistral	n/d	X: 561263.16 m E	Y: 4727738.86 m N
Clase de solo	Solo Urbano, ordenanza Edificación Aberta, E.A.		Superficie construída: 121 m2
Autor do Proxecto	David Cerdeira Canicoba, Enxeñeiro agrónomo colexiado G862		
Proxecto Básico e de execución.	Visado polo Colexio Oficial 12/12/2017		
Dirección de Obra	n/d		
Oficio de Dirección			
Dirección de Execución	n/d		
Oficio Direc. Execución			
Orzamento (P.E.M.)	20.000,05 €	P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €	

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Planeamento do Concello de Silleda
  - 11.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 11.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 11.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 11.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 11.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 11.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 11.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 11.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

- 11.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002  
 11.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007  
 11.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012  
 11.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012  
 11.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016  
 12 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emítese informe técnico sobre o expediente 1649/2017, de solicitude de licenza asinada por Fernando Antonio Costoya Moure, presentada con R.E. 2017-E-RC-5505 de 20.DEC.2017. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por David Cerdeira Canicoba, Enxeñeiro agrónomo colexiado G862 e xustificante de pagamento de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas<sup>1</sup> durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo Urbano, ordenanza Edificación Aberta, E.A.**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Construción de garaxe e almacén**, está clasificado como **solo de núcleo rural común**.

5. Cumprimento dos artigos 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	CUMPRE
As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	SI
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	Non procede
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	SI
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como	Non procede

explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	
<b>Artigo 92. Protección das vías de circulación.</b>	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).	N/d
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	SI

6. Consonante ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **comercial**: **"ART. 168.- 1.-** Comprende los edificios, locales y parcelas destinadas al servicio del transporte y del Público relacionado con él, en origen y destino; así como la guarda de vehículos a motor de todas clases. Comprende también las estaciones de suministro de carburantes. 2.- No se incluyen los talleres de reparación, naves de exposición y venta, etc. por encuadrarse estos dentro de otros usos ya definidos. 3.- Se incluyen como usos secundarios los complementarios de estos servicios. 4.- Se entiende por garaje-aparcamiento todo local o lugar destinado a la guarda de vehículos de motor mecánico provisto de las instalaciones para el entretenimiento o abastecimiento de los mismos. **Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o art. 18 do nomeado PXOM.**

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.**

8. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.**

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO	Cumpre
Superficie mínima de parcela		60	Si
Altura de cornixa	3,20 m	5,00 m	Si
Número máximo de plantas	B	B+2	Si
Recuamento a lindeiros	5 m	5,00 m	Si
Separación a vía pública	> 4 m	4 m	Si
Acceso rodado	SI	SI	Si

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **tratamento de augas**, xa que non é o obxecto do proxecto.

12. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **abastecemento de auga**, xa que non é o obxecto do proxecto.

13. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

14. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

**Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Construción de garaxe e almacén solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.**

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Por outra banda, de acordo co artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

**Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:**

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a FERNANDO ANTONIO COSTOYA MOURE para construción de garaxe e almacén, no lugar de O Foxo, n.º 15 (Silleda), parcela con referencia catastral 36052K50305179, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle:

· Non poderón iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

· Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

**4.3.- Expte. 1004/2018. Parque de maquinaria agrícola. Automociones San Marcos, S.L.**

Vista a solicitude de licenza de apertura de establecemento, presentada por AUTOMOCIONES SAN MARCOS, S.L., Rexistro de Entrada nº 2018-E-RE-39 de data 13 de abril de 2018, para parque de maquinaria agrícola, no polígono 508, parcelas 858/859/860.

Vista a Acta de visita de comprobación, de data 13 de xuño de 2018, asinada polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, que literalmente dí:

"Solicitante	AUTOMOCIONES SAN MARCOS S.L.		
Data de rexistro	13.ABR.2018	Nº 2018-E-RE-39	Expediente 1004/2018
Solicitud	Parque de maquinaria agrícola		
Emprazamento	Polígono 508. Parcelas 858/859/860		
Referencia catastral	36052D508008590000XL, 36052D508008580000XP e 36052D508008600000XQ		
Parcela rexistral	n/d	X: 555123.56 m	Coordenadas UTM 29 ETRS89: Y: 4731472.06 m
Clase de solo	Solo rústico Superficie construída: 1934,03 m2		
Dirección de Obra	Alfredo Varela Nogueira, arquitecto Colexiado 2140		
Dirección de Execución	Antonio Jorge González, arquitecto técnico Colexiado PA729		
Orzamento (P.E.M.)	373.000,00 €		P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamente de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 12 Decreto 106 2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
  - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
  - 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
  - 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
  - 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

#### ANTECEDENTES:



1. Emítase informe técnico sobre o expediente 1004/2018, de comunicación previa de inicio de actividade asinada por AUTOMOCIONES SAN MARCOS S.L., presentada con R.E. 2018-E-RE-39 de 13.ABR.2018. Aporta xustificante de pagamento de taxas municipais.

2. En relación co expediente de licenza para a apertura do establecemento público, co fin de destinalo exclusivamente a desenvolver a actividade de parque de maquinaria agrícola, o Técnico que subscribe emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

3. Que, efectuada visita de comprobación ao establecemento onde se pretende desenvolver a apertura do establecemento público de parque de maquinaria agrícola o día 13 de xuño de 2018, comprobouse que cumpre cos requisitos e condicións técnicas que esixe a normativa vixente, en particular:

- Seguridade para o público asistente, traballadores, executantes e bens.
- Condicións de solidez das estruturas e de funcionamento das instalacións.
- Prevención e protección de incendios e outros riscos inherentes á actividade, facilitando a accesibilidade dos medios de auxilio externo.
- Condicións de salubridade, hixiene e acústica, determinando expresamente as condicións de insonorización dos locais necesarias para evitar molestias a terceiros.
- Protección da contorna urbana e natural, e do medio ambiente, protección tanto da contorna natural como do urbano e do patrimonio histórico, artístico e cultural.
- Condicións de accesibilidade e goce para persoas con mobilidade reducida.

4. Que as medidas correctoras propostas polo solicitante **si** considéranse axeitadas e suficientes, conforme ao previsto nas Normas que son de aplicación.

**En conclusión ao exposto, informo favorablemente sobre a licenza de a apertura do establecemento público, sito/a no Polígono 508. Parcelas 858/859/860, con referencia catastral 36052D508008590000XL, 36052D508008580000XP e 36052D508008600000XQ, e destinado a parque de maquinaria agrícola."**

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de Visita de Comprobación de data 13 de xuño de 2018, anteriormente transcrita, acorda:

Primeiro.- A concesión de licenza de apertura a AUTOMOCIONES SAN MARCOS, S.L., para Parque de Maquinaria Agrícola, no polígono 508, parcelas 858/859/860, referencias catastrais 36052D508008590000XL, 36052D508008580000XP e 36052D508008600000XQ.

**4.4.- Expte. 1110/2018. Parque de maquinaria agrícola. Ausavil, S.L.**

Vista a solicitude de licenza de apertura de establecemento, presentada por AUSAVIL, S.L., Rexistro de Entrada nº 2018-E-RE-49 de data 13 de abril de 2018, para parque de maquinaria agrícola, no paraxe de Agro da Viña, parroquia de Lamela (Silleda).

Vista a Acta de visita de comprobación, de data 13 de xuño de 2018, asinada polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, que literalmente dí:

"Solicitante	AUSAVIL S.L.		
Data de rexistro	13.ABR.2018	Nº 2018-E-RE-49	Expediente 1110/2018
Solicitude	Parque de maquinaria agrícola		
Emprazamento	Paraxe de Agro da Viña, Lamela		
Referencia catastral	36052D508008610000XP e		
	36052D508108630000XJ		Coordenadas UTM 29 ETRS89:

Parcela rexistral n/d X: 555223.96 m Y: 4731461.43 m  
Clase de solo Solo rústico Superficie construída: 599,40 m<sup>2</sup>  
Dirección de Obra Alfredo Varela Nogueira, arquitecto colegiado 2140  
Dirección de Execución Antonio Jorge González, arquitecto técnico colegiado PA729  
Orzamento (P.E.M.) 95.000,00 € € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 12 Decreto 106 2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
- 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emítase informe técnico sobre o expediente 1110/2018, de comunicación previa de inicio de actividade asinada por AUSAVIL S.L., presentada con R.E. 2018-E-RE-49 de 13.ABR.2018. Aporta xustificante de pagamento de taxas municipais.
2. En relación co expediente de licenza para a apertura do establecemento público, co fin de destinalo exclusivamente a desenvolver a actividade de parque de maquinaria agrícola, o Técnico que subscribe emite o seguinte:

#### INFORME TÉCNICO:

3. Que, efectuada visita de comprobación ao establecemento onde se pretende desenvolver a apertura do establecemento público de parque de maquinaria agrícola o día 13 de xuño de 2018, comprobouse que cumpre cos requisitos e condicións técnicas que esixe a normativa vixente, en particular:
  - Seguridade para o público asistente, traballadores, executantes e bens.
  - Condicións de solidez das estruturas e de funcionamento das instalacións.
  - Prevención e protección de incendios e outros riscos inherentes á actividade, facilitando a accesibilidade dos medios de auxilio externo.

- Condicións de salubridade, hixiene e acústica, determinando expresamente as condicións de insonorización dos locais necesarias para evitar molestias a terceiros.
- Protección da contorna urbana e natural, e do medio ambiente, protección tanto da contorna natural como do urbano e do patrimonio histórico, artístico e cultural.
- Condicións de accesibilidade e goce para persoas con mobilidade reducida.

4. Que as medidas correctoras propostas polo solicitante si considéranse axeitadas e suficientes, conforme ao previsto nas Normas que son de aplicación.

**En conclusión ao exposto, informo favorablemente sobre a licenza de a apertura do establecemento público, sito/a no Paraxe de Agro da Viña, Lamela, con referencia catastral 36052D508008610000XP e 36052D508108630000XJ, e destinado a parque de maquinaria agrícola.”**

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de Visita de Comprobación de data 13 de xuño de 2018, anteriormente transcrita, acorda:

Primeiro.- A concesión de licenza de apertura a AUSAVAL, S.L., para Parque de Maquinaria Agrícola, no paraxe de Agro da Vila, parroquia de Lamela (Silleda), referencias catastrais 36052D508008610000XP e 36052D508108630000XJ.

## **5º.- SERVIZOS SOCIAIS.**

### **5.1.- Expte. 485/2018. Axuda social J.C.B.**

Dase conta do informe da traballadora social, M.<sup>a</sup> Celia González Peteiro, de data 20 de xuño de 2018, en relación a axuda social a J.C.B., en concepto de produtos de limpeza e horas de servizo de dúas auxiliares do SAF, ascendendo a cuantía a cantidade de 49,23 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ó informe de traballadora social anteriormente mencionado.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 25 de Xuño de 2018

Vº e Prace  
O ALCALDE,  
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO  
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga